MARTES 12 NOVEMBRO 2019 • ANO VII - Nº 206 • Correo - liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia

# 1. Líder BASKET



70 | 45

# O PRIMEIRO DE MOITOS

**CB Ría de Ribadeo e Suministros Carreira San Ciprián** disputaron o primeiro encontro entre dous equipos da Mariña lucense nunha Liga Galega cadete. Os de Manolo Cobas alzáronse coa vitoria e manteñen o pleno de triunfos nas catro xornadas disputadas

72 | 56

## O celeste dominou no clásico cadete

Estudiantes impúxose no derbi feminino ao Ensino, nun partido no que as de Fernán Varela foron superiores e tomaron o mando no marcador dende os primeiros minutos de xogo

93 | 42

## Maristas mini segue sendo o rival a bater

Os de Óscar Engroba impuxéronse por KO no derbi ante Estudiantes nunha nova exhibición de potencial dos colexiais, que mandan na clasificación en solitario

DERBI LIGA GALEGA JÚNIOR MASCULINA

## O derbi capitalino reanúdase este xoves a partir das 20:30 no Pazo

Ensino e Estudiantes xogarán o encontro suspendido pola condensación fai quince días con 22-25 no marcador e con 4:10 por disputar do segundo cuarto.

Na Liga Galega júnior feminina, o Durán Maquinaria recibe ao Celta de Vigo o venres a partir das 21:15 no Anexo

# A competición Premini levantou o telón

## TRALO COMEZO DA LIGA MINIBASKET fai dúas fines de semana, os máis pequenos xogaron os seus primeiros partidos esta fin de semana

Un total de catorce conxuntos competirán na Liga Preminibasket masculina, que se xogará a unha soa volta finalizando a primeira fin de semana de Marzo. Na competición feminina, nove equipos disputarán un total de 18 encontros cada un nunha liga a dobre volta que se extenderá ata finais do mes de abril.

A categoría Minibasket, que arricou o pasado 26 de Outubro, conta con dous grupos na Liga masculina –norte e sur–, e un na feminina, na que compiten oito equipos nunha liga a dobre volta; Franciscanos é o único equipo invicto trala disputa das dúas primeiras xornadas.

CB Sarria lidera a táboa no grupo Norte sur masculino, mentres que Cidade ocupa a primeira praza no norte.



O celeste Manuel coa pelota presionado por Andrés Lago



Jose vaise coa pelota por diante de Luigi e Andrés



Bruno, Estudiantes Laranxa, defendido por Julio

### MINIBASKET 2º MASC. G-NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| G. Ensino 08 – CB Viveiro | 52-56 |
| Cidade Lugo – G. Ensino | 61-37 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 2 | 1 | 1 | 0 | 122 | 121 |
| BURELA | 1 | 1 | 0 | 0 | 84 | 61 |
| CB VIVEIRO | 1 | 1 | 0 | 0 | 56 | 52 |
| GALÉN ENSINO 08 | 1 | 0 | 1 | 0 | 52 | 56 |
| GALÉN ENSINO | 1 | 0 | 1 | 0 | 37 | 61 |

PRÓXIMA XORNADA

CB Viveiro - Burela
Galén Ensino 08 - Cidade Lugo

### MINIBASKET 2º MASC. G-SUR

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cristo Sarria – Cidade Fingoi | 50-0 |
| Maristas 09 – Est. Vermello | 19-68 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CRISTO C.B. SARRIA | 2 | 2 | 0 | 0 | 116 | 31 |
| EST. VERMELLO | 2 | 1 | 1 | 0 | 99 | 85 |
| EST. AZUL | 1 | 1 | 0 | 0 | 54 | 27 |
| CIDADE - FINGOI | 2 | 0 | 2 | 0 | 27 | 104 |
| MARISTAS LUGO 09 | 1 | 0 | 1 | 0 | 19 | 68 |

PRÓXIMA XORNADA

Cidade Fingoi - Maristas 09
Estudiantes Azul - Cristo Sarria

### MINIBASKET 2º FEMININO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Galén Ensino 08 – Burela | 31-60 |
| M. Sarria – G. Ensino 09 | 66-22 |
| Cosmos Sarria – M. Aux. | 36-85 |
| Franciscanos – Cidade Fingoi | 54-28 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| FRANCISCANOS | 2 | 2 | 0 | 0 | 116 | 40 |
| CIDADE-FINGOI | 2 | 1 | 1 | 0 | 77 | 79 |
| MARIPOSA BURELA | 2 | 1 | 1 | 0 | 72 | 93 |
| MARÍA AUXILIA | 1 | 1 | 0 | 0 | 85 | 36 |
| COSMOS SARRIA | 2 | 0 | 2 | 0 | 61 | 134 |
| MADEIRA SARRIA | 1 | 1 | 0 | 0 | 66 | 22 |
| GALÉN ENSINO 08 | 1 | 0 | 1 | 0 | 31 | 60 |
| GALÉN ENSINO 09 | 1 | 0 | 1 | 0 | 22 | 66 |

PRÓXIMA XORNADA

Burela - Cidade Fingoi
María Aux. - Franciscanos
G. Ensino 09 - Cosmos Sarria
G. Ensino 08 - Madeira Sarria

### PREMINIBASKET FEMININO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Galén Ensino – CB Viveiro | 22-46 |
| Franciscanos – Burela | 41-48 |
| Cidade Lugo – Est. Violeta | 52-36 |
| MGR Sarria – M. Aux. | 59-8 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MGR C.B. SARRIA | 1 | 1 | 0 | 0 | 59 | 8 |
| CB VIVEIRO | 1 | 1 | 0 | 0 | 46 | 22 |
| CIDADE DE LUGO | 1 | 1 | 0 | 0 | 52 | 36 |
| CB BURELA | 1 | 1 | 0 | 0 | 48 | 41 |
| FRANCISCANOS | 1 | 0 | 1 | 0 | 41 | 48 |
| ESTU VIOLETA | 1 | 0 | 1 | 0 | 36 | 52 |
| GALÉN ENSINO | 1 | 0 | 1 | 0 | 22 | 46 |
| Mª AUXILIADORA | 1 | 0 | 1 | 0 | 8 | 59 |
| ENSINO AINHOA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

PRÓXIMA XORNADA

Maria Aux. - Galén Ensino
Est. Violeta - MGR Sarria
Burela - Cidade Lugo
Ensino Ainhoa - CB Viveiro

### PREMINIBASKET MASCULINO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cosmos Sarria – G. Ensino | 63-12 |
| G. Ensino 10 – Oribio Sarria | 58-40 |
| Eu Son Burela – Rosalia | 50-0 |
| M. Burela – Maristas Lugo | 4-56 |
| Est. Verde – CB Viveiro | 56-4 |
| Est. Laranxa – Franciscanos | 63-22 |
| Ensino Lugo – Cidade | 41-30 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MARISTAS LUGO | 1 | 1 | 0 | 0 | 56 | 4 |
| EST. VERDE | 1 | 1 | 0 | 0 | 56 | 4 |
| COSMOS SARRIA | 1 | 1 | 0 | 0 | 63 | 12 |
| EU SON BURELA | 1 | 1 | 0 | 0 | 50 | 0 |
| EST. LARANXA | 1 | 1 | 0 | 0 | 63 | 22 |
| GALÉN ENSINO 10 | 1 | 1 | 0 | 0 | 58 | 40 |
| ENSINO LUGO | 1 | 1 | 0 | 0 | 41 | 30 |
| CIDADE DE LUGO | 1 | 0 | 1 | 0 | 30 | 41 |
| ORIBIO C.B. SARRIA | 1 | 0 | 1 | 0 | 40 | 58 |
| FRANCISCANOS | 1 | 0 | 1 | 0 | 22 | 63 |
| ANPA ROSALÍA | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 50 |
| GALÉN ENSINO | 1 | 0 | 1 | 0 | 12 | 63 |
| MARIÑA BURELA | 1 | 0 | 1 | 0 | 4 | 56 |
| CB VIVEIRO | 1 | 0 | 1 | 0 | 4 | 56 |

PRÓXIMA XORNADA

Cidade - G. Ensino
Franciscanos - Ensino
CB Viveiro - E. Laranxa
Maristas - E. Verde
Rosalia - M. Burela
Eu Son Burela - O. Sarria
C. Sarria - Galén 10

## CLASIFICACIÓNS LIGAS AUTONÓMICAS

### JUNIOR 1º DIV. FEMININO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Durán Ensino | 52-78 |
| C. Artabra – Estudiantes | Apr. |
| Cortegada – Rosalia | 47-79 |
| C. María – Celta | 43-75 |
| Peleteiro – C. Mariano | 65-34 |
| Carmelitas – Bosco | 34-42 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 5 | 5 | 0 | 0 | 304 | 186 |
| ROSALIA | 5 | 4 | 1 | 0 | 352 | 251 |
| COLEXIO MARIANO | 5 | 4 | 1 | 0 | 303 | 263 |
| CELTA RECALVI | 4 | 4 | 0 | 0 | 324 | 136 |
| BOSCO | 5 | 2 | 3 | 0 | 236 | 271 |
| CARMELITAS | 5 | 2 | 3 | 0 | 191 | 249 |
| **DURAN ENSINO** | **3** | **3** | **0** | **0** | **208** | **132** |
| COMPAÑIA MARIA | 5 | 1 | 4 | 0 | 237 | 326 |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **2** | **1** | **0** | **189** | **137** |
| CORTEGADA | 5 | 0 | 5 | 0 | 193 | 333 |
| BASQUET CORUÑA | 4 | 0 | 4 | 0 | 195 | 295 |
| COSTA ARTABRA | 4 | 0 | 4 | 0 | 160 | 295 |

PRÓXIMA XORNADA

C. Mariano - B. Coruña
Celta - Peleteiro
Carmelitas - C. María
Rosalia - Bosco
Estudiantes - Cortegada
Durán Ensino - C. Artabra

### JUNIOR 1º DIV. MASCULINO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Sigaltec | 73-78 |
| Estudiantes – B. Amor | 98-73 |
| Rosalia – Durán Ensino | 81-71 |
| CB Allariz – CB Tui | 79-89 |
| Obradoiro – C. Ourense | 88-36 |
| Bosco – B. Ferrol | 63-66 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 5 | 5 | 0 | 0 | 414 | 229 |
| ROSALIA CASTRO | 5 | 4 | 1 | 0 | 388 | 326 |
| C.B. TUI MASCATO | 5 | 3 | 2 | 0 | 378 | 382 |
| **ESTUDIANTES** | **4** | **4** | **0** | **0** | **320** | **242** |
| CB ALLARIZ | 5 | 3 | 2 | 0 | 355 | 326 |
| **DURÁN ENSINO** | **4** | **3** | **1** | **0** | **315** | **250** |
| KFC CULLEREDO | 5 | 2 | 3 | 0 | 271 | 375 |
| SIGALTEC | 5 | 2 | 3 | 0 | 362 | 369 |
| BASKET FERROL | 5 | 2 | 3 | 0 | 295 | 350 |
| BOSCO | 5 | 1 | 4 | 0 | 298 | 363 |
| EDO BLANCO AMOR | 5 | 0 | 5 | 0 | 302 | 392 |
| CLUB OURENSE | 5 | 0 | 5 | 0 | 293 | 387 |

PRÓXIMA XORNADA

C. Ourense - Culleredo
Bosco - Obradoiro
CB Tui - B. Ferrol
Durán Ensino - CB Allariz
Blanco Amor - Rosalia
Estudiantes - Sigaltec

### CADETE 1º FEMININO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Maristas C. | 50-58 |
| Estudiantes – C. Ensino | 72-56 |
| Rosalia – Peleteiro | --- |
| Giraldo – C. Artabra | 42-73 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **4** | **3** | **1** | **0** | **271** | **247** |
| MARISTAS | 4 | 3 | 1 | 0 | 258 | 238 |
| PELETEIRO | 3 | 3 | 0 | 0 | 184 | 145 |
| C.. ÁRTABRA | 4 | 2 | 2 | 0 | 282 | 249 |
| **CANDELAS ENSINO** | **4** | **2** | **2** | **0** | **248** | **252** |
| KFC CULLEREDO | 4 | 1 | 3 | 0 | 225 | 250 |
| GIRALDO CBV | 4 | 1 | 3 | 0 | 242 | 281 |
| INSTITUTO ROSALIA | 3 | 0 | 3 | 0 | 151 | 199 |

PRÓXIMA XORNADA

Maristas Coruña - C. Artabra
Peleteiro - Giraldo
Culleredo - Estudiantes
Rosalia - Candelas Ensino

### CADETE 1º MASCULINO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ensino Lugo – B. Coruña | 74-51 |
| San Ciprián – Ria Ribadeo | 70-45 |
| Estudiantes – B. Ferrol | 94-78 |
| C. Artabra – Culleredo | 52-53 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **4** | **4** | **0** | **0** | **339** | **256** |
| **SAN CIPRIAN** | **4** | **4** | **0** | **0** | **285** | **228** |
| **ENSINO LUGO** | **3** | **3** | **0** | **0** | **220** | **177** |
| BASQUET CORUÑA | 4 | 2 | 2 | 0 | 236 | 233 |
| BASKET FERROL | 4 | 1 | 3 | 0 | 277 | 303 |
| KFC CULLEREDO | 4 | 1 | 3 | 0 | 253 | 288 |
| COSTA ARTABRA | 4 | 0 | 4 | 0 | 192 | 251 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **3** | **0** | **3** | **0** | **187** | **234** |

PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Culleredo
B. Ferrol - C. Artabra
Ria Ribadeo - Estudiantes
Ensino Lugo - San Ciprián

### INFANTIL 1º FEMININO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| C. Artabra – Peleteiro | 53-57 |
| Estudiantes – Junquera | 61-56 |
| Inmoponte – Rosalia | 19-70 |
| Burela – CB Arxil | 90-39 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 4 | 4 | 0 | 0 | 266 | 157 |
| **ESTUDIANTES** | **4** | **3** | **1** | **0** | **241** | **229** |
| **A MARIÑA BURELA** | **4** | **3** | **1** | **0** | **268** | **186** |
| PELETEIRO | 4 | 2 | 2 | 0 | 218 | 199 |
| COSTA ARTABRA | 4 | 2 | 2 | 0 | 242 | 231 |
| GRUPO JUNQUERA | 4 | 1 | 3 | 0 | 213 | 215 |
| C.B.ARXIL | 4 | 1 | 3 | 0 | 222 | 282 |
| CAB INMOPONTE | 4 | 0 | 4 | 0 | 91 | 262 |

PRÓXIMA XORNADA

Peleteiro - CB Arxil
Rosalia - Academia Mariña Burela
Junquera - Inmoponte
C. Artabra - Estudiantes

## CLASIFICACIÓNS LIGAS JUNIOR PROVINCIAL

### JÚNIOR 2º DIV. FEMININO A2

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Terra Chá – CB Sarria | 40-51 |
| Ribadeo – Ensino Lugo | 55-50 |
| Baxi Ferrol – Estudiantes | 73-39 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BAXI FERROL | 4 | 4 | 0 | 0 | 279 | 161 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **4** | **3** | **1** | **0** | **231** | **181** |
| **ENSINO LUGO** | **4** | **2** | **2** | **0** | **256** | **171** |
| **ESTUDIANTES** | **4** | **2** | **2** | **0** | **232** | **235** |
| **C.B. SARRIA** | **4** | **1** | **3** | **0** | **164** | **303** |
| **CB TERRA CHA** | **4** | **0** | **4** | **0** | **142** | **253** |

PRÓXIMA XORNADA

Baxi Ferrol - CB Terra Chá
Ensino Lugo - Estudiantes
CB Sarria - CB Ribadeo

### PRE-INFANTIL FEM. NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Baxi Ferrol – C. Artabra | 51-52 |
| Esclavas – Burela | 12-62 |
| B. Coruña – Estudiantes | 40-46 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **3** | **3** | **0** | **0** | **150** | **80** |
| BASQUET CORUÑA | 3 | 2 | 1 | 0 | 147 | 53 |
| **BURELA** | **2** | **2** | **0** | **0** | **131** | **67** |
| COSTA ARTABRA | 2 | 2 | 0 | 0 | 125 | 74 |
| BAXI FERROL | 3 | 0 | 3 | 0 | 142 | 170 |
| ESCLAVAS | 3 | 0 | 3 | 0 | 22 | 173 |
| BV LOS ROSALES | 2 | 0 | 2 | 0 | 24 | 124 |

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Los Rosales
Mariña Burela - B. Coruña
C. Artabra - Esclavas

### PRE-INFANTIL MASC. NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – T. Molina | 41-63 |
| B. Coruña – Celtas | 60-59 |
| Maristas C. – C. Artabra | 13-63 |
| Estudiantes – B. Ferrol | 57-80 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| TIRSO DE MOLINA | 3 | 3 | 0 | 0 | 199 | 140 |
| BASQUET CORUÑA | 3 | 3 | 0 | 0 | 203 | 159 |
| BASKET FERROL | 3 | 2 | 1 | 0 | 190 | 119 |
| COSTA ARTABRA | 3 | 1 | 2 | 0 | 156 | 176 |
| KFC CULLEREDO | 3 | 1 | 2 | 0 | 169 | 218 |
| **CELTAS** | **3** | **1** | **2** | **0** | **196** | **166** |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **1** | **2** | **0** | **178** | **187** |
| MARISTAS CORUÑA | 3 | 0 | 3 | 0 | 44 | 170 |

PRÓXIMA XORNADA

B. Ferrol - Culleredo
C. Artabra - Estudiantes
Celtas - Maristas
T. Molina - B. Coruña

### MINIBASKET 1º FEM. NORTE A

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Baxi Ferrol – Ensino Lugo | 58-53 |
| C. Artabra – Estudiantes | 66-61 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **3** | **2** | **1** | **0** | **179** | **83** |
| COSTA ARTABRA | 2 | 2 | 0 | 0 | 161 | 109 |
| BAXI Ferrol | 3 | 1 | 2 | 0 | 117 | 209 |
| **ENSINO LUGO** | **2** | **1** | **1** | **0** | **105** | **84** |
| PONTUMIO TABORA | 2 | 0 | 2 | 0 | 32 | 109 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Lugo - Costa Artabra
Pontumio - Baxi Ferrol

### MINIBASKET 1º MASC. NORTE A

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Narón – Ria Ribadeo | 95-62 |
| B. Ferrol – C. Artabra | 70-64 |
| Maristas Lugo – Estudiantes | 93-42 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MARISTAS LUGO** | **3** | **3** | **0** | **0** | **275** | **131** |
| NARÓN | 3 | 2 | 1 | 0 | 202 | 214 |
| BASKET FERROL | 3 | 2 | 1 | 0 | 189 | 215 |
| COSTA ARTABRA | 3 | 1 | 2 | 0 | 201 | 209 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **3** | **1** | **2** | **0** | **214** | **239** |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **0** | **3** | **0** | **170** | **243** |

PRÓXIMA XORNADA

Narón - Estudiantes
C. Artabra - Maristas Lugo
Ria Ribadeo - B. Ferrol

### INFANTIL 1º MASCULINO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Obradoiro – Montrove | 72-44 |
| Culleredo – B. Coruña | 66-41 |
| Estudiantes – Narón | 63-59 |
| Maristas Lugo – Betanzos | 84-85 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO CAB | 4 | 4 | 0 | 0 | 304 | 186 |
| BETANZOS | 4 | 3 | 1 | 0 | 283 | 271 |
| **ESTUDIANTES** | **4** | **3** | **1** | **0** | **300** | **267** |
| NARÓN | 4 | 2 | 2 | 0 | 283 | 220 |
| **MARISTAS LUGO** | **4** | **2** | **2** | **0** | **301** | **289** |
| MONTROVE | 4 | 1 | 3 | 0 | 250 | 293 |
| KFC CULLEREDO | 4 | 1 | 3 | 0 | 214 | 265 |
| BASQUET CORUÑA I | 4 | 0 | 4 | 0 | 189 | 333 |

PRÓXIMA XORNADA

Montrove - Betanzos
Narón - Maristas Lugo
B. Coruña - Estudiantes Lugo
Obradoiro - Culleredo

### JÚNIOR 2º DIV. MASCULINO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ría Ribadeo – Ensino Lugo | 75-22 |
| CB Viveiro – H. Ferreiro | Apr. |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CB RÍA DE RIBADEO | 2 | 1 | 1 | 0 | 164 | 96 |
| MGR C.B. SARRIA | 2 | 1 | 1 | 0 | 81 | 155 |
| HIERROS FERREIRO | 1 | 1 | 0 | 0 | 79 | 46 |
| CARFERLO VIVEIRO | 1 | 1 | 0 | 0 | 67 | 59 |
| ENSINO LUGO | 2 | 0 | 2 | 0 | 96 | 131 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Lugo - CB Viveiro
MGR Sarria - Hierros Ferreiro


Mikel lanzando a canastra ante un xogador ourensán


Cabe rompendo a un defensa de Blanco Amor


Álvaro, co balón, ante Anxo nunha acción ofensiva

# Posta a punto afinada de cara ao derbi

**ESTUDIANTES** reanudará o encontro ante Ensino o xoves ás 20:30 no Pazo tras firmar un partido completo ante Blanco Amor


Pedro encarando con decisión o aro rival

| ESTUDIANTES 98 Xogador | PTS. | B. AMOR 73 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| **Carlos** | | Areal | |
| **Mikel** | | Fernández | |
| **Anxo** | | Pascual | |
| **Álvaro** | | Nieto C. | |
| **Dani** | | Nieto J. | |
| **Cabe** | | Sas | |
| **Jorge** | | González | |
| **Lucas** | | Padrón | |
| **Adrián** | | Míguez | |
| **Pedro** | | Prieto | |
| **Borja** | | Diéguez | |

Estudiantes mantén o pleno de vitorias nos catro

**"BUEN PARTIDO DEL EQUIPO Y CONTENTO CON LA PARTICIPACIÓN DE TODOS LOS JUGADORES"**
PABLO ABUÍN - Estudiantes

encontros que disputaron os de Pablo Abuín na Liga Galega júnior masculina. O próximo xoves a partir das 20:30 horas no Pazo disputan os minutos restantes do derbi suspendido ante Ensino, e de gañar, poden asaltar o liderado da competición.

Ante Blanco Amor no Anexo, os celestes cargaron o depósito de moral nun partido no que todos os xogadores tiveron un rol destacado, tanto en ataque coma en defensa, especialmente no terceiro cuarto, no que, cun parcial de 27-8, puxeron fin á resistencia dun Blanco Amor que empezou o encontro máis intenso e coas primeiras

**27-8**

**TERCEIRO PARCIAL** Tralo descanso Estudiantes rachou o encontro cunha gran defensa na que deixou aos ourensáns en tan só 8 puntos

vantaxes no marcador.

Estudiantes reaccionou ben e xa rematou o primeiro parcial con máis sete, 27-20. No segundo cuarto Estudiantes continuou vendo aro con facilidade, pero as lagoas defensivas mantiñan aos visitantes na pelexa co 52-40 co que rematou a primeira parte.

No descanso Pablo Abuín afinou a posta a punto da defensa celeste e Estudiantes secou a Blanco Amor, deixando aos ourensáns en tan só oito punto nos terceiros dez minutos, nos que racharon o marcador cunha vantaxe de 30 puntos de cara aos últimos dez, nos que Blanco Amor demostrou que a súa situación na táboa non é real, aínda non coñecen a vitoria nas cinco xornadas disputadas, e cunha defensa a toda pista, xa co encontro completamente sentenciado, maquillaron o resultado final cun último parcial de 19-25 para pechar o encontro con 98-73.

# A conquista do Everest é o venres

**O ENSINO,** tras gañar na Coruña, recibe ao Celta no Anexo ás 21:15 horas

| B. CORUÑA 52 Xogadora | PTS. | ENSINO 78 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Figueiroa | | **Maite** | 13 |
| Herrero | | **Elena** | 8 |
| Fernández | | **Alba** | 7 |
| Lara | | **Matea** | 17 |
| Valenzuela | | **Laura** | 17 |
| Saínz | | **Natalia G.** | 7 |
| Varela | | **Any** | |
| Orosa | | **Catuxa** | 5 |
| Carballal | | **Paula** | 3 |
| López | | | |

O Durán Maquinaria Ensino fixo cima na Coruña tras impoñerse 52-78 nesta xornada, pero o gran reto, o máis alto que se pode coroar na Liga Galega júnior feminina, será este próximo venres coa visita do Celta de Vigo ao Anexo. As de Miguel López, con Matea en punto óptimo pero coa baixa de Natalia Martínez, reciben ao gran dominador galego nas últimas tempadas.

Ensino chega despois de sumar unha nova vitoria esta fin de semana tras impoñerse a Basquet Coruña nun encontro serio das lucenses, que encararon cunha boa concentración defensiva que mantiveron ao longo do encontro.

**"NUESTRA FORTALEZA DEFENSIVA EN LOS MOMENTOS MÁS DIFÍCILES FUE LA CLAVE DE LA DIFERENCIA EN EL MARCADOR FINAL"**
MIGUEL LÓPEZ - Durán Maquinaria Ensino


Maite lanzando a canastra ante unha rival no Anexo

O ataque tamén brillou desde o inicio, encarando o aro con decisión e xerando tiros liberados tras boa circulación de balón para tomar as rendas no marcador cun primeiro parcial de 9-23.

A avultada diferenza no electrónico propiciou un exceso de relaxación no segundo parcial, polo que as herculinas, cun gran acerto no tiro exterior, fixéronse notar un pouco máis, 18-15. As alarmas acendéronse un pouco ao comezo do terceiro cuarto, cando Coruña se puxo a 10 puntos, momento no que Maite tomou as rendas do encontro e liderou a reacción dun Ensino no que Laura Ibáñez e Elena Lijo, tamén se luciron no seu primeiro encontro ante o seu club de procedencia.

# O Ensino ten a man a mellor medicina posible ante unha derrota

**O DERBI ANTE ESTUDIANTES** reanudarase o xoves ás 20:30 no Pazo

| ROSALÍA 81 Xogador | PTS. | ENSINO 71 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Rodríguez | | **Eloy** | |
| Santiago | | **Mario** | 2 |
| Valenzuela | | **Anton Real** | 6 |
| Soto | | **Cristian** | 14 |
| Cayado D. | | **Hugo Rey** | |
| Cayado J. | | **Sergio** | 2 |
| Golpe | | **Jorge** | 20 |
| Mallou | | **Carreira** | |
| Gómez | | **J. Olloqui** | 21 |
| Álvarez | | **Dani Lopez** | 6 |
| Rodríguez | | **Sebastian** | |

Primeira derrota para o Ensino na Liga Galega júnior masculina. Os de Adrián González medíronse ante un Instituto Rosalía chamado a loitar polos primeiros postos da clasificación. Ante unha derrota o mellor é ter preto un novo reto e Ensino teno, xa que sen tempo para lamentarse, o derbi ante Estudiantes renovarase o xoves a partir das 20:30 no Pazo.

Os lucenses fixeron moitas cousas ben en Santiago, especialmente no primeiro cuarto no que plasmaron sobre a pista todo o que prepararon durante a semana.

Ensino xogou coas ideas

**"ORGULLOSO DE UN GRUPO QUE EN CADA ENTRENO Y PARTIDO DEMUESTRA QUE QUIERE MAS"** ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino Lugo


Antón Real nun encontro disputado no Anexo

claras en ataque, pechou o rebote e foise no marcador cun parcial de 12-23 que tivo unha rápida resposta compostelá no segundo cuarto, 23-11 para deixar o marcador ao descanso en 35-34 tras dez minutos nos que os lucenses foron cribados desde a liña de tres puntos.

Ao comezo da segunda parte Ensino perdeu un pouco o rumbo. A frustración en ataque traduciuse en desconexión defensiva e Rosalía foise no marcador, 28-18. Pero cando peor pintaban as cousas, nos dez últimos minutos, Ensino tirou de orgullo ata volver igualar forzas e deixar a renda en dez puntos, que deixa o basquetaverage particular no aire.

# O basket da mariña fixo historia

**O SAN CIPRIÁN MANTÉN O PLENO DE VITORIAS** tras impoñerse a un Ribadeo que chegou moi xuto fisicamente ao primer encontro entre dous equipos da costa na Liga Galega cadete masculina. O Suministros Carreira porá a proba a súa xeira de vitorias a próxima semana en Lugo, ante o Ensino



Mario coa pelota defendido por Cristian e Manu | **P. Losada**



Manu atacando presionado por Marcos | **Pepa Losada**



Mario a piques de lanzar ante Manu | **Pepa Losada**

**"BUENA ACTITUD DE TODOS LOS JUGADORES PARA AFRONTAR EL DERBI, QUE SIEMPRE ES UN PARTIDO DISTINTO"** MANOLO COBAS - San Ciprián

**"NOS TOCA TRABAJAR EN LOS ENTRENAMIENTOS PARA RECUPERAR A TODOS LOS JUGADORES Y VOLVER AL NIVEL QUE TENÍAMOS ANTES DEL PARÓN"** SAMA - Ría de Ribadeo

| SAN CIPRIÁN 70 | | RIBADEO 45 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Miguel | 2 | Iker | 9 |
| Manuel | | Anxo | |
| Carlos | 6 | Cristian | 8 |
| Antón | 10 | Darío | 3 |
| Marcos | 2 | Joaquín | 2 |
| Diego | 10 | Dani | 2 |
| H. Cobas | 22 | Manu | 19 |
| Dani | | Simón | 2 |
| Mario | 18 | Iago | |

**22**

**PUNTOS HUGO COBAS,** de novo o xogador máis determinante ofensivamente. Tivo un dos duelos máis destacados con Manu, do Ribadeo, que rematou con 19 asumindo responsabilidades en ataque ante os problemas físicos de Iker e Cristian

O Suministros Carreira San Ciprián mantén o pleno de vitorias nas catro xornadas disputadas na Liga Galega cadete. Os de Manolo Cobas sumaron o último triunfo nun xa histórico derbi mariñao no que se mediron por primeira vez dous equipos do litoral nunha Primeira División cadete masculina.

Á cita chegou mellor San Ciprián, con moitísimo máis ritmo de xogo ante un Ribadeo que disputara o seu último encontro facía un mes, e que chegou con Iker e Cristian recentemente saídos de senllas lesións.

Con todo iso San Ciprián monopolizou o encontro desde os primeiros minutos cun primeiro parcial de 20-13, propiciado por unha boa defensa, e dominando o rebote en ambas pinturas.

A Ribadeo abríuselle unha vía coa terceira falta persoal de Mario antes do descanso. O pivot local foise ao banquiño, pero nesta ocasión os seus compañeiros supliron a súa ausencia pechando ben o rebote ante un Ribadeo con porcentaxes de acerto moito máis baixos do que neles é normal.

Ao final, partido máis completo dun San Ciprián que chegaba mellor ao derbi, e demostrouno ata alzarse cunha nova vitoria. Agora defenderán a súa condición de invictos ante o Ensino.



Marcos recibe a pelota por diante de Manu | **Pepa Losada**



Iker coa pelota ante a mirada de Darío entre Antón e Hugo



Marcos trata de taponar o lanzamento de Manu | **P. Losada**

| ESTUDIANTES 94 | | B. SCHOOL 78 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Andrés | | Rouco | |
| Mikel | 18 | Ferreira | |
| Simón | 13 | Franco | |
| Álvaro | 30 | Bellas | |
| Dani | 13 | Gómez | |
| Óscar | 12 | Ojea | |
| Lucas | 6 | Gil | |
| Cristian | 2 | Castro | |
| Rafa | | Valenciano | |
| Germán | | Lamas | |
| Brais | | Romero | |

# Estudiantes púxose serio no Anexo

**TRAS UN DISCRETO INICIO DE PARTIDO,** os de Javi Peinó puxéronse o mono de traballo e doblegaron a un crecido Basket School. A próxima defensa do liderado será en Ribadeo

Estudiantes segue á fronte da Liga Galega cadete masculina tras sumar ante Basket School a súa cuarta vitoria noutros tantos encontros disputados, sendo o equipo que máis puntos anota neste inicio de tempada con 339, o que fai unha media de case 85 por encontro.

O sábado no Anexo, estiveron por encima desa media, con 94 puntos anotados ante un rival que, no primeiro cuarto, aproveitou a falta de intensidade defensiva coa que entrou ao partido Estudiantes para tomar o mando no marcador cun avultado 24-27 no que os ataques apenas tiveron resistencia defensiva.

Estudiantes puido manter o listón ofensivo no segundo parcial, pero os ferroláns sufriron máis para anotar no momento no que os lucenses empezáronse a poñer serios en defensa, 29-16 no segundo parcial para chegar ao descanso con 53-43 no electrónico.

A dinámica defensiva continuou sendo boa tralo descanso, e ao defender ben, Estudiantes tivo máis claridade á hora de atacar ata chegar con máis 20 no marcador aos últimos dez minutos tralo 27-17 de terceiro cuarto.



Andrés a piques de facer un pase ante a presión dun rival



Dani iniciando un ataque do Estudiantes no Anexo

**"TENEMOS QUE SALIR MÁS CONCENTRADOS A LOS PARTIDOS"** JAVI PEINÓ - Estudiantes Leyma

Basket School demostrou que non veu de paseo ao Anexo, e pese a estar vinte abaixo asinou un bo último cuarto no que os ferroláns xogaron un bo baloncesto e impuxéronse nos últimos dez minutos cun parcial de 14-18.

**Próxima xornada**

Estudiantes visita ao Ría de Ribadeo no que será o primeiro dos tres derbis consecutivos que disputarán os celestes nas próximas xornadas ante Ribadeo, Ensino Lugo e Suministros Carreira San Ciprián.



Marta Fernández encarando o aro do Ensino con decisión ante a mirada das súas compañeiras durante o derbi disputado no Anexo

# O celeste monopolizou o derbi cadete feminino

## ESTUDIANTES foi mellor nun partido de ida e volta no que saíu mal parado Ensino

| ESTUDIANTES 72 Xogadora | PTS. |
|---|---|
| Lian | |
| Iría | |
| Celia | |
| Candela | |
| Enma | |
| María | |
| Marta F. | |
| Claudia | |
| Lara | |
| Carla | |
| Marta R. | |

| ENSINO 56 Xogadora | PTS. |
|---|---|
| Sabela | 4 |
| Silvia | 4 |
| Eva | 19 |
| Carla Paz | |
| Lorena | |
| Carolina | |
| Antía | 2 |
| Carla G. | 2 |
| Paula | 23 |
| Lucía | 2 |

**"CONTENTO CON LA ACTITUD , EL CARÁCTER Y LA ENTREGA EN LA COMPETICIÓN. HAY MUCHO MARGEN DE MEJORA Y ESO ME DA MUCHAS GANAS DE PONERME A TRABAJAR"**

FERNÁN VARELA - Estudiantes

**"PARTIDO DOMINADO POR ESTUDIANTES DE PRINCIPIO A FIN. TENEMOS QUE SEGUIR APRENDIENDO A COMPETIR EN CUALQUIER SITUACIÓN DESDE LA ACTITUD DEFENSIVA"**

DAVID MARTÍNEZ / AIGOR ROMO - Cafés Candelas Ensino

Estudiantes impúxose con relativa comodidade a Ensino no derbi capitalino da Liga Galega cadete, no que o conxunto que dirixe Fernán Varela levou o partido ao terreo que máis lle interesaba e do que Ensino saíu mal parado.

As celestes tiveron unha posta en escena máis intensa, tomaron o mando no marcador e obrigaron a Ensino a remar contracorrente desde os primeiros minutos.

A primeira parte, sobre todo, foi moi bonita de ver, con moitísimo ritmo e acerto no tiro, sobre todo por parte dun Estudiantes que se sentiu cómodo sobre a pista en rápidas transicións e movendo sempre o balón con criterio ata encontrar boas opcións de tiro.

Paula Hoyuelos mantivo con vida ao Ensino cun goteo constante de puntos ata terminar o encontro con 23.

O primeiro parcial rematou con 24-18 e o segundo con 22-15 para chegar ao descanso con 46-33 no electrónico.

O ritmo de xogo da primeira parte era moi complicado que se mantivese na segunda e así foi. Con máis pausa o Ensino mellorou en ataque, pero Estudiantes continuou atopando solucións para anotar e chegou a dispoñer dunha vantaxe máxima de 22 puntos na segunda parte.

Mediado o último parcial as celestes baixaron un pouco o listón de esixencia defensiva e Ensino puido recortar distancias ata os 16 puntos co 72-56 co que finalizou o primeiro derbi capitalino da tempada, que tivo unha clara cor celeste ao longo dos corenta minutos de xogo.



Paula encarando o aro con decisión defendida por Claudia



Eva buscando un bo pase entre Iria, Marta e Lian



Sabela a piques de facer un pase ante M. Rubal



A celeste Enma presionada por Carolina Fdez



Celia entrando na pintura por diante de Carolina

# O Ensino está preparado para o asalto ao liderado da Liga Galega

## OS DERBIS ante os dous primeiros, San Ciprián e Estudiantes, próximas escalas

| ENSINO 74 Xogador | PTS |
|---|---|
| Samuel | 10 |
| Durán | 10 |
| Ruano | 15 |
| Pablo | |
| Martínez | 8 |
| Carreira | 5 |
| Garabito | 5 |
| Álex Bao | 6 |
| Joel | 11 |
| Nacho | 4 |

| B. CORUÑA 51 Xogador | PTS. |
|---|---|
| Gil | |
| Díaz | |
| Fernández | |
| Domínguez | |
| Martínez | |
| Villanueva | |
| Varela | |
| Lovera | |
| Gonta | |
| Pérez | |
| López | |

**"GRAN TRABAJO DURANTE LOS CUARENTA MINUTOS, EN LOS QUE TODOS LOS JUGADORES APORTARON ALGO POSITIVO AL EQUIPO"**

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

O Ensino volveu á competición tras practicamente un mes de parón xa que ao das seleccións da pasada fin de semana uniuse o partido que aprazaron ante Ribadeo e que se disputará o 5 de decembro.

O conxunto que dirixe Adrián González demostrou ante Basquet Coruña que fixo os deberes e que chega nun bo estado de forma ás próximas citas, nas que se xogará o liderado en solitario da Liga Galega cadete ante San Ciprián a próxima xornada, e Estudiantes na seguinte, que agora mesmo son os dous primeiros.

Basquet Coruña sorprendeu nos primeiros minutos e tomou o mando no marcador cun parcial inicial de 16-19. Dez minutos que serviron como toque de atención, a partir de aí o Ensino púxose as pilas, enfundouse o mono de traballo e puxo o listón defensivo moi moi alto, deixando aos herculinos en 7 puntos nun segundo cuarto no que anotaron 23 e tomaron o mando do marcador co 39-26 co que se chegou ao descanso.

Na segunda parte o fondo de armario lucense exhibiuse, o terceiro cuarto empezou cun parcial de máis 10 co que a diferenza foise ata os 24 puntos e con ela o encontro quedou visto para sentenza, pero os lucenses non baixaron o listón de esixencia en ningún momento.


Samuel coa pelota nunha acción de ataque de Maristas



Alexis facendo un lanzamento a canastra sen oposición

# Cruz nun duelo estelar

**MARISTAS CAEU NA PRÓRROGA** tras un espectacular encontro no que o visitante Javi González asinou 53 puntos no Anexo

| MARISTAS 84 | | BETANZOS 85 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | | Xogador | PTS. |
| Mauro | | González J. | |
| Néstor | 15 | Allegue | |
| Miguel | | García | |
| David | | Agraso | |
| Samuel V. | 29 | Otero | |
| Gabriel R. | 4 | López | |
| Alexis | | Gende | |
| Jorge | | Roel | |
| Julián | 33 | González | |
| Yishak | 3 | Medrano | |

**"UN SOLO JUGADOR NOS HA METIDO 53 PUNTOS, LA MAYORÍA EN TIROS PUNTEADOS. CUANDO LO PUDIMOS GANAR NO SUPIMOS ESCOGER BUENAS OPCIONES"**
RUBÉN ENGROBA - Maristas

Unha bomba do visitante Javi González ao máis puro estilo Juan Carlos Navarro, con tres defensas lucenses punteando o tiro no último segundo da prórroga, mandou á lona a un Maristas que rozou unha nova xesta ante o equipo que mellor baloncesto xoga e que conta cun xogador digno doutra categoría.

Ata entón o partido foi unha exhibición, dous equipos ofrecendo un espectáculo incrible con alternativas no xogo e no marcador.

Na primeira parte Maristas estivo sempre por diante, 14-17 e 18-19, mentres que na segunda, no medio do intercambio de canastras, Julián lesionouse e tivo que irse ao banquiño.

Betanzos continuou metendo triplos case imposibles e chegouse con máxima igualdade á recta final, na que Maristas tivo posesión para gañar antes de chegar á prórroga. Nela, Betanzos tomou as primeiras vantaxes, pero dous tiros libres anotados por Néstor puxeron a Maristas por diante a falta de cinco segundos, tempo no que Javi González frotou a lámpada, saiu o xenio e meteu unha canastra indefendible para darlle a vitoria ao seu equipo.

# Burela afinou a posta a punto antes de Rosalía

**VITORIA CLARA ANTE ARXIL** antes de visitar ao líder invicto en Santiago de Compostela

| CB BURELA 90 | | ARXIL 39 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Henar | 18 | Andión | |
| Sara | 32 | Paz | |
| Zaida | | Cal | |
| Emma | 12 | Acuña | |
| Laura | | Couto | |
| Lucía | 8 | Fernández | |
| Cecilia | 8 | Veiga | |
| Irea | | Hermida | |
| Sabela | 12 | Durán | |
| Paula | | Martínez | |

**"MUY BUEN TRABAJO DE TODO EL EQUIPO PARA CONSEGUIR UNA VICTORIA MUY IMPORTANTE. SEGUIMOS CON LA ILUSIÓN DE SEGUIR CRECIENDO"**
NACHO MOTA - CB Burela

O Academia A Mariña Burela varreu da pista a Arxil nun partido moi completo das mariñás antes de que ou conxunto que dirixe Nacho Mota visite a Rosalía en Santiago, líder invicto da competición, a próxima xornada.

Arxil sufriu un vendaval de xogo local cun parcial de 25-5 nos primeiros cinco minutos de partido. O recital mariñao alargouse ao longo da primeira parte, na que roubaron, correron e anotaron desde todas as posicións ata chegar ao descanso con 52-26 non marcador. Na segunda parte Arxil baseou ou seu xogo non seu referente interior, pero a velocidade que lle imprimiu ao xogo Burela monopolizou ou encontro.


As xogadoras mariñás Sara, Sabela, Paula e Lucía

# Estudiantes foi de menos a máis ata rematar coa resistencia visitante

**O GRUPO JUNQUERA EMPEZOU FORTE** e tomou vantaxe no marcador cun parcial de 10-19 que tivo unha boa resposta lucense


Pau coa pelota ante o banco celeste


Ana nunha acción de ataque estudiantil

| ESTUDIANTES 61 | | JUNQUERA 56 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Laura | | Tarro | |
| María A. | | Suárez | |
| Ana | | Domínguez | |
| María C. | | Paz C. | |
| Pau | | Paz P. | |
| Aroa | | López | |
| Paula | | Falcón | |
| Alma | | Álvarez | |
| Ari | | Moriño | |
| Daniela | | Rodríguez | |
| | | Lago | |

**"VICTORIA IMPORTANTE ANTE UN RIVAL SIEMPRE COMPLICADO"**
ÁNGEL RIOBOO - Estudiantes

Estudiantes impúxose no Anexo a Grupo Junquera, nun vibrante encontro que se presumía complicado e estivo á altura das expectativas.

De inicio as visitantes estiveron mellor e sacaron tallada dos problemas que tiña Estudiantes nas transicións defensivas para irse no marcador cun primeiro parcial de 10-19.

As lucenses foron corrixindo erros co paso do partido e con iso as forzas fóronse igualando ata empatar o partido, con esforzo, no terceiro cuarto co 39-39 que reflectía o marcador.

Aos últimos dez minutos Estudiantes chegou con máis frescura física e mentalmente, culminando a remontada ata chegar a dispoñer dunha renda máxima de dez puntos que as visitantes reduciron ata o definitivo 61-56.

# A mellor reacción tras unha derrota

**ESTUDIANTES** fixo bo o dito de que perder está permitido e levantarse e obrigatorio, facendo borrón e conta nova tras perder en Betanzos

| ESTUDIANTES 63 | | NARÓN 59 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Brais | 19 | Lourido | |
| Santi | 18 | Lafuente | |
| Pi | 5 | Nuñez | |
| Isma | 2 | Fuertes | |
| Dani | 3 | Iglesias | |
| Pablo | | Ponce | |
| Leo | | Saa | |
| Bernal | 2 | González | |
| Rozas | | | |
| Serguei | 16 | | |
| Mario | | | |

**"GRAN VICTORIA CONTRA UN BUEN EQUIPO. SEGUIMOS MEJORANDO"** NICO FDEZ. - Estudiantes


Leo adentrándose na pintura nun lance do encontro


Brais mirando o aro entre dous xogadores rivais

Estudiantes reaccionou da mellor forma posible a unha derrota, traballando durante o parón das seleccións e asinando un bo encontro na seguinte xornada ante un sempre competitivo Narón.

Coa intensidade defensiva por bandeira, Estudiantes marcou o ritmo do encontro e conseguiu as primeiras vantaxes no marcador cun primeiro parcial de 19-8. Narón tirou de orgullo no segundo cuarto para igualar forzas, pero non puido recortar distancias, 14-14, para chegar ao descanso con 33-22 no marcador.

Na segunda parte Estudiantes sempre atopou resposta para os intentos de remontada de Narón, 18-18 no terceiro parcial e 12-14 no último, no que o conxunto celeste soubo xogar as posesións quentes nas que tivo máis claridade e acerto para terminar defendendo a renda para volver á senda da vitoria na Liga Galega infantil masculina ante un aspirante a todo como é Narón.

# En busca da ansiada regularidade

**ESTUDIANTES, COMA NA PASADA XORNADA,** tivo demasiadas desconexións no xogo ante un rival máis regular. A presión visitante a toda pista no segundo cuarto foi determinante


O celeste Martín levando unha acción de contraataque


Manu Varela presionando a un rival en labores defensivas

| ESTUDIANTES 57 | | FERROL 80 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Eloy | | Díaz S. | |
| Bosco | 7 | Díaz | |
| Pablo | 2 | Bellón | |
| Diego | | Barreiro | |
| Martín | 15 | Miramontes | |
| Lucas | 2 | Cernadas | |
| Manu | 2 | Gómez | |
| Iverson | | Rodríguez | |
| Varela | 2 | Romero | |
| Samu | 13 | Niebla | |
| Uxío | 14 | | |
| Rubén | | | |

Estudiantes Leyma continúa na busca e captura da xa ansiada regularidade ao longo do encontro. O conxunto que dirixe Pablo Rodríguez volveu compaxinar, como no último encontro ante Culleredo, momentos de bo baloncesto con desconexións no xogo que propiciaron a derrota, nesta ocasión no Anexo, ante Basket Ferrol.

O encontro empezou con moitísimo ritmo e intercambio de canastras, con mellores porcentaxes para os departamentais, que tomaron o mando no marcador co 14-19 co que finalizou o primeiro cuarto.

**"CUANO SE QUIERE ALGO SE VA A MUERTE A POR ELLO"**
**PABLO RODRÍGUEZ** - Estudiantes

Xa no segundo a presión a toda pista de Basket Ferrol asfixiou por momentos a Estudiantes, que cometeu varias perdas de balón coas que os visitantes anotaron fácil en rápidas transicións para ampliar a vantaxe cun segundo parcial de 13-21 para chegar ao descanso con 27-40 no marcador.

Estudiantes mellorou na segunda parte, sobre todo nos primeiros minutos, chegando a poñerse a tan só oito puntos de vantaxe no marcador ata que, de novo, os celestes fóronse do partido e encaixaron un novo parcial en contra, 16-27, co que o encontro quedou visto para sentenza antes dos dez últimos minutos, nos que volveu reinar a igualdade pero xa sen opcións de vitoria para os lucenses.


Samu botando e buscando a algún compañeiro


Lucas a piques de finalizar unha entrada a canastra

## O Academia a Mariña segue cotizando á alza

**O CADRO MARIÑAO** suma por vitorias os dous encontros disputados na Liga Galega preinfantil

| ESCLAVAS 12 | | CB BURELA 62 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Becerra | | Henar | 24 |
| Hortas | | Candela | 27 |
| País | | Marta | 7 |
| Alcorta | | Nerea | 2 |
| García | | Irea | 2 |
| Mandayo | | Paula | |
| Otero | | Lucía | |
| Tojero | | Aroa | |
| Martínez | | Sara | |
| Fernández | | Lucía | |
| Loureiro | | | |
| Sanz | | | |

O Academia A Mariña Burela segue con paso firme neste inicio de tempada na Liga Galega preinfantil feminina, na que as de Madar suman


A xogadora mariñá, Henar

**"ESTOY MUY CONTENTO CON EL ESFUERZO QUE ESTÁN REALIZANDO TODAS LAS NIÑAS"**
**CARLOS MADAR** - CB Burela

por vitorias os dous encontros disputados.

A última vítima do cadro mariñao foi Esclavas da Coruña, conxunto que caeu por KO ao inicio do último cuarto. Ata entón, Burela dominou con autoridade con parciais de 6-15, 3-20, 3-24 e 0-3 ata o peche do marcador.

Na próxima xornada visita Vista Alegre un dos aspirantes ao título como é Basquet Coruña, que ven de perder por seis puntos ante Estudiantes esta xornada o seu primeiro encontro.

As herculinas serán o primeiro gran rival de esixencia para un equipo que pese a debutar na competición segue cotizando ao alza dende que se iniciou esta Liga Galega preifantil.

## Estudiantes toma o mando da competición

**GRAN VITORIA A DOMICILIO** nun duelo directo polo liderado da Liga ante Basquet Coruña

| B CORUÑA 40 | | ESTUDIANTES 46 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Bejerano | | Carlota | |
| Cascales | | Nerea | |
| Díaz | | Lucía | |
| García | | Marina | |
| García | | Eva | |
| Gómez | | Valle | |
| Vázquez | | Lola | |
| Riestra | | Daniela | |
| Mena | | Clara | |
| Ruíz | | Iria | |
| Díaz | | | |
| Nieto | | | |

Estudiantes Leyma preinfantil feminino desprazouse á cidade herculina para disputar a terceira xornada da Liga Galega ante Basquet

**"ENHORABUENA A TODAS MIS JUGADORAS POR LA VICTORIA. ESTE ES EL CAMINO A SEGUIR"**
**ZAIDA IGLESIAS** - Estudiantes

Coruña. Un partido no que se medían os dous primeiros clasificados e do que saíron as lucenses como único equipo invicto con tres vitorias ata a data.

De novo, a defensa e a boa lectura do xogo nas transicións foron claves para sumar unha axustada pero moi importante vitoria.


Lucía entrando a canastra nun lance do encontro

## Un cruel desenlace final para Foz na Coruña

**UNHA CANASTRA** sobre a bucina tombou aos mariñaos e evitou unha espectacular remontada

| B CORUÑA 60 | | CB CELTAS 59 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| González | | Nacho | |
| Soto | | Álvaro | 28 |
| Fernández | | Alonso | |
| Sánchez | | Chris | |
| Fraga | | Nico | 15 |
| Vázquez | | Darío | 1 |
| López | | Lucas | 13 |
| García | | Mario | |
| Villar | | Esteban | |
| Eyosias | | Javi | 2 |
| González | | | |

Celtas de Foz Gasoleos Eugenia sufriu un cruel desenlace final na Coruña, na terceira xornada da Liga Galega preinfantil masculina, na que o conxunto que dirixe Armando visitou a Basquet Coruña.

O encontro non empezou nada ben para os mariñaos, unha vez máis superados polo físico do rival que non lles permitia rebotear nin poder correr, xogo co que se encontran máis cómodos.

Os herculinos tomaron as rendas no marcador cun claro parcial de 24-8 nos primeiros dez minutos, pero lonxe de baixalos bra-

**"NO SALIMOS CON LA INTENSIDAD ADECUADA"**
**ARMANDO** - Celtas Foz

zos, Foz empezou a gañar sensacións e impúxose nos tres cuartos restantes.

No segundo por 17-23, inciando o camiño da remontada que se culminou a falta de cinco segundos, cando os mariñaos se puxeron por diante no marcador. A última posesión foi para Basquet Coruña, e unha canastra a falta de oito décimas propiciou o definitivo 60-59 co que rematou o encontro.

**8**

**DÉCIMAS DE SEGUNDO** foi o que lle sobrou de partido a Celtas de Foz na Coruña. Unha canastra dos herculinos xusto no remate do encontro, deixou incompleta unha remontada de 16 puntos espectacular dos mariñaos


Carmen, xogadora do Ensino, nun encontro no Anexo


Néstor vaise coa pelota por diante de Hugo | **Carmen Viño**


David nunha acción de contraataque ante Nayo | **Carmen**


A celeste Claudia loitando por facerse cun balón


Nadia, Maristas, coa pelota defendida por Javi | **Carmen**


Carlos a piques de facer un pase ante Pablo | **Carmen Viño**

# Loita titánica sen premio no treito final

**ESTUDIANTES** caeu ante Costa Ártabra

| C. ÁRTABRA 66 Xogadora | PTS. | ESTUDIANTES 61 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Baldonedo | | Carlota | |
| Ocampo | | Sarai | |
| Porto | | Nerea | |
| Brañas | | Carmen | |
| Lorenzo | | Marina | |
| Rey | | Claudia R. | |
| Fernández | | Valle | |
| Vázquez | | Claudia L. | |
| Mouriño | | Carla | |
| Mouriño | | Noa L. | |

**"ESTOY MUY CONTENTA CON EL TRABAJO DE TODAS MIS JUGADORAS. AHORA HAY QUE SEGUIR TRABAJANDO"**

ZAIDA IGLESIAS - Estudiantes

Costa Ártabra recibiu na terceira xornada da Liga Galega de minibasket feminina a Estudiantes nun duelo entre dous equipos chamados a estar nos primeiros postos da táboa.

O ritmo de xogo foi frenético dende os primeiros minutos nos que se mantivo a igualdade no marcador cun parcial inicial de 14-14. No segundo e terceiro as departamentais tiveron máis acerto e chegaron ao descanso con vantaxe, 37-25.

Lonxe de baixar os brazos, Estudiantes exprimiu as súas opcións e chegou o treito final con opcións de remontada.

# O Ensino remou contracorrente

**10-2** de parcial inicial nun partido igualado

| BAXI FERROL 58 Xogadora | PTS. | ENSINO 53 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Cruz | | Marina | 4 |
| Valle | | Candela D. | 8 |
| Neira | | Candela B. | 6 |
| Rodríguez | | Sara | 4 |
| Blanco | | Celtia | |
| Mella | | Cayetana | 8 |
| Rey | | Aroa | 13 |
| García | | Aurora | |
| Moncada | | Alicia | 4 |
| | | Antía | 7 |

**"UN PARTIDO MUY COMPETIVO EN EL QUE APRENDER FUE LO IMPORTANTE"**

AIGOR ROMO - Ensino

Primeira derrota do Ensino Lugo na Liga Galega minibasket feminina tras caer en Ferrol nun encontro disputado de poder a poder e marcado pola posta en escena na que Baxi Ferrol, cun parcial inicial de 10-2, tomou o mando no marcador.

A partir de aí Ensino tivo que remar contracorrente e pese a que igualou forzas e loitou por cada posesión empatando dous parciais máis e gañando outros dous, quedou ás portas da remontada.

Na próxima xornada Ensino recibe a un Costa Ártabra con pleno de vitorias nas dúas xornadas disputadas.

**13**

**PUNTOS DE AROA** única xogadora que rematou en dobres díxitos o encontro disputado polo Ensino en Ferrol esta xornada

**MINIBASKET 1º FEM. NORTE A**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Baxi Ferrol – Ensino Lugo | 58-53 |
| C. Artabra – Estudiantes | 66-61 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **3** | **2** | **1** | **0** | **179** | **83** |
| COSTA ARTABRA | 2 | 2 | 0 | 0 | 161 | 109 |
| BAXI Ferrol | 3 | 1 | 2 | 0 | 117 | 209 |
| **ENSINO LUGO** | **2** | **1** | **1** | **0** | **105** | **84** |
| PONTUMIO TABORA | 2 | 0 | 2 | 0 | 32 | 109 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Lugo - Costa Artabra

Pontumio - Baxi Ferrol

**19**

**PUNTOS DE JUAN** un dos referentes ofensivos do Ribadeo e ártifice da reacción do equipo tras un mal inicio de partido

**MINIBASKET 1º MASC. NORTE A**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Narón – Ria Ribadeo | 95-62 |
| B. Ferrol – C. Artabra | 70-64 |
| Maristas Lugo – Estudiantes | 93-42 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MARISTAS LUGO** | **3** | **3** | **0** | **0** | **275** | **131** |
| NARÓN | 3 | 2 | 1 | 0 | 202 | 214 |
| BASKET FERROL | 3 | 2 | 1 | 0 | 189 | 215 |
| COSTA ARTABRA | 3 | 1 | 2 | 0 | 201 | 209 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **3** | **1** | **2** | **0** | **214** | **239** |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **0** | **3** | **0** | **170** | **243** |

PRÓXIMA XORNADA

Narón - Estudiantes

C. Artabra - Maristas Lugo

Ria Ribadeo - B. Ferrol

# A posta en escena foi determinante

**40-17** nos dous primeiros parciais

| NARÓN 96 Xogador | | CB RIBADEO 62 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Míguez | | Simón | |
| Castro | | Héctor | 5 |
| Regueiro | | Ero | |
| Bargueiras | | Iván | 8 |
| Fernández | | Martín | 15 |
| Blanco | | Dani | |
| Lamas | | Alejandro | 7 |
| Arias | | Alexandre | |
| Campo | | Guille | |
| Castro | | Juan | 19 |
| Gil | | Hugo | 8 |
| Yáñez | | | |

**"TENEMOS QUE HACER UN ESFUERZO PARA TRATAR DE COMENZAR MEJOR LOS PARTIDOS"**

SAMA - Ribadeo

O Ria de Ribadeo viuse lastrado de novo polos primeiros minutos de xogo. Nesta ocasión os de Sama encaixaron dous parciais iniciais de 20-8 e 20-9 co que o encontro quedou practicamente sentenciado en Narón.

A partir do terceiro periodo Ribadeo empezou a soltarse e con iso melloraron as súas prestacións, asinando un parcial global nos últimos catro periodos de 56-45, nos que se viu un encontro igualado, pero marcado en todo momento pola excesiva diferenza do inicio de partido.

Ribadeo recibe na próxima xornada a un Narón que é aspirante ao título.

# Maristas exhibuse de novo no derbi capitalino

**OS DE ÓSCAR ENGROBA** seguen líderes en solitario tras impoñerse por KO ao Estudiantes

| MARISTAS 93 Xogador | | ESTUDIANTES 42 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Juan A. | | Rubén | |
| David | | Pablo | |
| Juan G. | | Javi M. | |
| Nadia | | Javi C. | |
| Maria C. | | Nayo | |
| Jorge | | Nico | |
| Carlos | | Andrés | |
| Néstor | | Hugo | |
| Mesfin | | Jacobo | |
| Teo | | Lucas | |
| | | Olmo | |

Maristas segue demostrando co paso das xornadas que serán un dos principais rivais a bater na Liga Galega de minibasket masculina. Os de Óscar Engroba impuxéronse nesta xornada a Estudiantes nunha nova exhibición de potencial e profundidade de banquiño.

Os colexiais foron de menos a máis ante un Estudiantes que por momentos chegou a competir mellor do que indica o marcador final. Todo o primeiro periodo disputouse de poder a poder e finalizou cun axustado 10-8.

Xa no segundo o rodillo de Maristas empezou a facerse notar subindo o listón defensivo, e con iso roubando balóns e terminando os ataques en rápidas transicións apenas sen oposición.

Ao descanso Maristas mandaba no marcador por 30 puntos e na segunda parte repetiuse o guión da primeira. O cuarto periodo foi o mellor para Estudiantes e os de Javi Peinó conseguiron impoñerse por 12-13.

O novo toque de atención para Maristas desencadeou nunha nova reacción contundente, mantendo un listón de esixencia moi alto coas rotacións para ir desnivelando de novo o marcador co paso dos minutos ata o KO no último periodo.

Maristas viaxa a Ferrol a próxima xornada para medirse con Costa Ártabra, mentres que Estudiantes viaxa a Narón para medirse cun novo aspirante ao título esta tempada.

**"FUIMOS DE MENOS A MÁS EN UN BUEN PARTIDO DE TODO EL EQUIPO"**

ÓSCAR ENGROBA - Maristas

**"A PESAR DE LA DIFERENCIA EN EL MARCADOR CREO QUE VAMOS MEJORANDO. TENEMOS QUE SEGUIR EN ESTA LÍNEA"**

JAVIER PEINÓ - Estudiantes

# Ensino 06 segue líder e invicto

**AS CAPITALINAS** impuxéronse a CB Viveiro e, con tres triunfos noutros tantos encontros, ocupan a primeira praza da categoría


Bea ante a mirada de Diana entre Candela e María

**INFANTIL 2º DIV. FEMININO 01**

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Ensino Galén – A. Sarria | 30-53 |
| Pontumio – Stos. Sarria | 58-49 |
| Ensino 06 – CB Viveiro | 76-42 |
| B. Ferrol S – Franciscanos | 70-26 |
| B. Ferrol R – KFC BBCA | 58-77 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO 06 | 3 | 3 | 0 | 0 | 237 | 122 |
| BAXI FERROL S | 3 | 3 | 0 | 0 | 198 | 91 |
| STOS. SARRIA | 3 | 2 | 1 | 0 | 163 | 103 |
| PONTUMIO | 2 | 2 | 0 | 0 | 112 | 53 |
| KFC BBCA | 3 | 1 | 2 | 0 | 154 | 203 |
| BAXI Ferrol R | 3 | 1 | 2 | 0 | 151 | 179 |
| CB VIVEIRO | 3 | 1 | 2 | 0 | 100 | 178 |
| CIDADE DE LUGO | 2 | 1 | 1 | 0 | 101 | 93 |
| AGRASAR SARRIA | 2 | 1 | 1 | 0 | 92 | 87 |
| ENSINO GALÉN | 3 | 0 | 3 | 0 | 72 | 169 |
| FRANCISCANOS | 3 | 0 | 3 | 0 | 99 | 201 |

**PRÓXIMA XORNADA**

KFC BBCA - Ensino Galén
Franciscanos - Basaxi Ferrol R
CB Viveiro - Baxi Ferrol S
Stos. Sarria - Cidade Lugo
Agrasar Sarria - Pontumio

Na terceira xornada da segunda división infantil feminina xogáronse os cinco encontros programados para a fin de semana.

Castro Agrasar CB Sarria logrou o primeiro triunfo da temporada no Anexo, tras impoñerse a Ensino Galen por 30-53. Tamén sumou unha nova vitoria o líder da competición, Ensino 06, que superou con claridade a Carferlo CB Viveiro na casa por 76-42.


Candela, CB Viveiro, mira o aro ante a ensinista Enma

Tres triunfos ten tamén Baxi Ferrol S, que gañou a Franciscanos tamén cun resultado amplo, 70-26. O mellor basketaverage dá o liderado ás capitalinas, que a próxima fin de semana gozarán da súa xornada de descanso.

No encontro que media a Pontumio e Saneamientos Sarria, as amarelas sufrion a primeira derrota da temporada por 58-49 e a próxima fin de semana buscarán volver á senda da vitoria ante Cidade de Lugo no Novo Chanto.

O derbi entre conxuntos ferroláns rematou con triunfo visitante para KFC BBCA, o que supón a súa primeira vitoria na competición.

**1º**

**TRIUNFO** da temporada para Castro Agrasar CB Sarria. As amarelas estrearon a súa conta tras gañar a Ensino Galén 30-53


Alejandra, de Ensino Galén, presionando a Lúa


A sarriá Lucía nun contraataque seguida de Elena


Xogadores do CB Ribadeo reciben instruccións no banco

# Franciscanos levouse o duelo ante CB Ribadeo

**O CONXUNTO CAPITALINO** lidera a táboa en solitario tras gañar o encontro que media aos dous conxuntos invictos ata a data


Jorge, Sagrado Corazón, atacando ante Diego e Javi


Gonzalo, de Ensino Galén, presionado por Carlos


Néstor coa pelota na pintura defendido por Leo

**INFANTIL 2º DIV. MASCULINO 01**

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Ensino Galén – Sagrado | 23-73 |
| Burela – Estudiantes | 91-45 |
| If Sarria – Cidade Lugo | 67-44 |
| Ría Ribadeo – Franciscanos | 48-58 |
| CB Viveiro – MGR Sarria | 65-20 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| FRANCISCANOS | 4 | 4 | 0 | 0 | 256 | 188 |
| CB RÍA DE RIBADEO | 4 | 3 | 1 | 0 | 237 | 132 |
| IF C.B. Sarria | 4 | 3 | 1 | 0 | 248 | 157 |
| A. X. SAGRADO | 4 | 3 | 1 | 0 | 227 | 89 |
| CIDADE DE LUGO | 4 | 3 | 1 | 0 | 208 | 144 |
| MARIÑA BURELA | 4 | 2 | 2 | 0 | 277 | 188 |
| CARFERLO VIVEIRO | 4 | 1 | 3 | 0 | 111 | 211 |
| ENSINO GALÉN | 4 | 1 | 3 | 0 | 98 | 246 |
| ESTUDIANTES | 4 | 0 | 4 | 0 | 126 | 258 |
| MGR C.B. SARRIA | 4 | 0 | 4 | 0 | 82 | 257 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Sagrado - MGR Sarria
Franciscanos - CB Viveiro
Cidade - Ría Ribadeo
Estudiantes - IF Sarria
Ensino Galén - Burela

Os de Ángel Riobóo son os novos líderes da competición tras impoñerse a domicilio a CB Ribadeo por 48-58, nun encontro no que os nervios condearon de inicio aos mariñaos, e pese a que no primeiro cuarto dominaron no xogo, os erros non permitiron que a superioridade se reflectira no marcador, 8-9. No segundo parcial Franciscanos foise sentindo máis cómodo e aproveitou os contraataques para coller as primeiras vantaxes, 21-27 ao descanso.

Tralo paso polos vestiarios o partido volveu á igualdade inicial, con parciais para un e outro equipo que deixaban todo por decidir de cara ao derradeiro cuarto, 34-41. Ribadeo chegou a poñerse a cinco puntos e tivo oportunidade de darlle a volta ao marcador, pero Franciscanos soubo manter a calma e neutralizar os parciais dos de Jose Vázquez para levarse finalmente a vitoria por dez puntos, 48-58.

No resto de partidos da xornada, primeiro triunfo para Carferlo Viveiro ao impoñerse con contundencia na casa a MGR CB Sarria, 65-20.

O duelo entre Podología CB Sarria e Cidade de Lugo saldouse coa vitoria dos sarriaos e a primeira derrota dos capitalinos. O gran traballo defensivo dos amarelos, moi serios e solidarios, foi clave para levarse o terceiro triunfo por 67-44.

Tres tamén leva o Sagrado Corazón, que gañou a Ensino por 23-73. Academia A Mariña, pola súa banda, volveu á senda da vitoria tras superar a Estudiantes por un claro 91-45.

# Ensino Lugo, líder invicto tras catro partidos disputados



Lara, Fanjul, Ari e Daniella, xogadoras do Ensino Lugo



Nacho Mota dá instruccións no banco ás súas xogadoras



Antía, de Lourenzá, presionada porla ensinista Paula

**AS DE AIGOR ROMO GAÑARON** a CB Burela a domicilio nunha xornada na que Lourenzá logrou o seu primeiro triunfo

**CADETE 2º DIV. FEMININO**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| KFC BBCA – Ensino Galén | 56-35 |
| Burela – Ensino Lugo | 44-65 |
| Lourenzá – T. Molina | 49-40 |
| Estudiantes – Pontumio | Apr. |
| Baxi Ferrol – Franciscanos | 101-26 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 4 | 4 | 0 | 0 | 209 | 136 |
| BAXI FERROL | 3 | 3 | 0 | 0 | 230 | 82 |
| PONTUMIO | 3 | 3 | 0 | 0 | 177 | 117 |
| ESTUDIANTES | 3 | 3 | 0 | 0 | 218 | 128 |
| LOURENZÁ | 4 | 2 | 2 | 0 | 164 | 194 |
| MARIÑA BURELA | 4 | 1 | 3 | 0 | 192 | 220 |
| TIRSO DE MOLINA | 4 | 1 | 3 | 0 | 174 | 190 |
| KFC BBCA | 3 | 1 | 2 | 0 | 141 | 173 |
| FRANCISCANOS | 3 | 1 | 2 | 0 | 72 | 140 |
| ENSINO GALEN | 4 | 0 | 4 | 0 | 115 | 270 |
| CB VIVEIRO | 3 | 0 | 3 | 0 | 147 | 189 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Galén - Pontumio
Tirso de Molina - Estudiantes
Ensino Lugo - Lourenzá
Baxi Ferrol - CB Viveiro
KFC BBCA - Franciscanos

O cuarto triunfo para as ensinistas tivo a súa clave no primeiro cuarto, no que deixaron a CB Burela en tan só tres puntos, 3-13. No segundo, pese a que o acerto en ataque foi maior, as mariñás tamén igualaron forzas de cara ao aro para non permitir que Ensino se fora de todo antes do descanso, 18-32 ao remate do segundo cuarto.

Ao longo de toda a segunda metade mantívose a tónica, e a Ensino bastoulle con non baixar o ritmo de anotación para levarse a vitoria por 44-65 e seguir no máis alto da táboa antes de recibir a próxima fin de semana a Lourenzá, que ven de lograr o primeiro triunfo na competición.

As laurentinas superaron na casa a Tirso de Molina, 49-40, grazas sobre todo a un gran acerto de cara ao aro. Tras chegarse 21-18 ao descanso, as de Laura conseguiron ampliar a vantaxe no terceiro cuarto -35-26- e mantiveron o ritmo nos últimos dez minutos para inaugurar así a conta de vitorias.

Nos outros encontros da xornada, Ensino caeu en Ferrol ante BBCA por 56-35, mentres que Franciscanos cedeu ante o invicto Baxi, 101-26. As ensinistas reciben a próxima fin de semana a Pontumio no Anexo, mentres que Franciscanos viaxará a Ferrol para enfrontarse a BBCA.

O encontro programado para esta fin de semana que enfrontaba a Estudiantes e Pontumio viuse aprazado e xogarase o próximo día 11 de decembro.

**1**

**ENCONTRO APRAZADO**

O partido entre Estudiantes e Pontumio de esta cuarta xornada xogarase o vindeiro 11 de decembro a partir das 19:00 no Anexo

**1ª**

**VITORIA**

Lourenzá estreou a conta de vitorias esta xornada contra Tirso de Molina, nun encontro que rematou 49-40 a favor das laurentinas

# Primeiro triunfo para Estudiantes 05 tras gañar a Foz nun igualado enfrontamento



Ignacio coa pelota de espaldas a Juan, do Sagrado

**NO PARTIDO MÁIS AXUSTADO DA XORNADA** os celestes estrearon a conta de vitorias logo de vencer ao Celtas por 64-67

Os mariñaos buscarán a próxima fin de semana, contra Oral Design, sumar por primeira vez no campionato.

Triunfos tamén para Sagrado Corazón contra Ensino 04, 67-50, e de Oral Design ante Ensino 05, 97-34. Os de Engroba provocaron a primeira derrota dos ensinistas, que aínda así continúan líderes cun partido máis, nun encontro moi igualado no que Sagrado soubo aproveitar os peores momentos de Ensino na primeira parte para lograr as primeiras vantaxes. Na segunda parte o intercambio de canastras durou ata o último cuarto, no que os Ensinistas se viñeron un pouco abaixo e Sagrado aproveitou para asestar o golpe final.

Oral Design, pola súa banda, suma a súa segunda vitoria consecutiva tras un encontro no que foron os claros dominadores de todas as facetas do xogo de principio a fin. Cunha gran defensa a toda a pista, sumada á actividade nas liñas de pase, os de Adrián López foron conseguindo as primeiras vantaxes dende o inicio, cun primeiro parcial de 27-11 e un segundo de 25-12 que deixaba o encontro practicamente visto para sentenza ao descanso. Na segunda metade os locais continuaron ampliando a vantaxe ata o 97-34 final.

**CADETE 2º DIV. MASCULINO 02**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Sagrado – Ensino 04 | 67-50 |
| Design Sarria – Ensino 05 | 97-34 |
| Celtas Foz – Estudiantes 05 | 64-67 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO 04 | 4 | 3 | 1 | 0 | 264 | 243 |
| A. X. SAGRADO | 3 | 3 | 0 | 0 | 216 | 157 |
| ENSINO LUGO 05 | 4 | 2 | 2 | 0 | 249 | 280 |
| DESIGN C.B. SARRIA | 3 | 2 | 1 | 0 | 255 | 143 |
| ESTUDIANTES 05 | 3 | 1 | 2 | 0 | 192 | 212 |
| ESTUDIANTES 04 | 3 | 1 | 2 | 0 | 160 | 224 |
| CB CELTAS FOZ | 4 | 0 | 4 | 0 | 210 | 287 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino 05 - Estudiantes 04
Celtas Foz - Design Sarria
Sagrado - Estudiantes 05



O ensinista Yoel a piques de superar a Elías



Pablo, Ensino 04, nun contraataque ante Javi e Pablo

# CB Sarria estrea a conta de vitorias

**CUNHA REMONTADA NA SEGUNDA METADE,** as de Adrián López impuxéronse a domicilio a Terra Chá por 40-51


Xogadoras do María Teresa Martínez dental CB Sarria

**JÚNIOR 2º DIV. FEMININO A2**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Terra Chá – CB Sarria | 40-51 |
| Ribadeo – Ensino Lugo | 55-50 |
| Baxi Ferrol – Estudiantes | 73-39 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BAXI FERROL | 4 | 4 | 0 | 0 | 279 | 161 |
| CB RÍA DE RIBADEO | 4 | 3 | 1 | 0 | 231 | 181 |
| ENSINO LUGO | 4 | 2 | 2 | 0 | 256 | 171 |
| ESTUDIANTES | 4 | 2 | 2 | 0 | 232 | 235 |
| C.B. SARRIA | 4 | 1 | 3 | 0 | 164 | 303 |
| CB TERRA CHA | 4 | 0 | 4 | 0 | 142 | 253 |

PRÓXIMA XORNADA

Baxi Ferrol - CB Terra Chá
Ensino Lugo - Estudiantes
CB Sarria - CB Ribadeo

O encontro en Vilalba media a dous conxuntos dun nivel similar que buscaban o seu primeiro triunfo na competición. Comezou mellor Terra Chá, máis cómodas na pista, impoñéndose nos dous primeiros parciais, 15-10 e 12-11, para afrontar con vantaxe a segunda parte. Pero pouco a pouco as sarriás foron perdendo os medos e atopándose máis cómodas con balón, circulando con máis comodidade para anotar canastras fáciles. Así, chegaron por diante ao último cuarto, 34-36, con todo por decidir. O dominio no rebote nos últimos dez minutos e a concentración en defensa permitiron a CB Sarria xogar ao seu ritmo para levarse definitivamente o partido por 40-51, sumando así a conta de vitorias.


As ensinistas Kris, Lucía e L. Carreira nun tempo morto

No derbi provincial entre CB Ribadeo e Ensino Lugo, as mariñás sumaron o terceiro triunfo en catro encontros grazas sobre todo a un gran primeiro cuarto e ao dominio do rebote en ambas canastras. Ao último cuarto chegouse con 45-27, e pese ao arreón final de Ensino, as de Jose Vázquez souberon vivir de rendas e a vitoria nunca perigou pese a que o resultado final foi un axustado 55-50.

O encontro que mediu a Estudiantes contra o líder, Baxi, en Ferrol, saldouse con vitoria local, 73-39. As ferrolás non deron opción ás celestes e deixaron o partido sentenciado na primeira parte co 46-13 que reflectia o electrónico.


A sarriá Candela López coa pelota por diante de Rut


Xogadoras do Terra Chá saltando á pista do Anexo

# O Ribadeo gañou no único encontro desta xornada

**A INTENSIDADE DOS MARIÑAOS** non deu opción algunha ao Ensino e os de Sama seguen líderes, con dúas vitorias e unha derrota


Aarón Romo dando instruccións aos seus xogadores

O conxunto mariñao comezou a Liga con mal pé, cunha derrota na casa ante Viveiro, pero parece que pouco a pouco lle vai collendo a medida á competición e suma dúas vitorias consecutivas que o colocan no máis alto da táboa cun partido máis que MGR Sarria, segundo clasificado, e dous máis que Hierros e CB Viveiro, que gañaron o único encontro que disputaron.

Precisamente estos dous conxuntos tiñanse que ver as caras o pasado sábado en Marzán, pero o encontro foi aprazado e xogarase a próxima fin de semana.

No partido entre CB Ribadeo e Ensino os locales non deron opcións en ningún momento aos capitalinos. A intensidade que impuxeron dende o inicio do encontro, tanto en defensa coma en ataque, deulles as primeiras vantaxes, finalizando o primeiro cuarto cun parcial de 17-2. No segundo o ritmo non baixou e o encontro quedou practicamente visto para sentenza ao descanso, co 36-7 no marcador.

**JÚNIOR 2º DIV. MASCULINO**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ría Ribadeo – Ensino Lugo | 75-22 |
| CB Viveiro – H. Ferreiro | Apr. |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CB RÍA DE RIBADEO | 2 | 1 | 1 | 0 | 164 | 96 |
| MGR C.B. SARRIA | 2 | 1 | 1 | 0 | 81 | 155 |
| HIERROS FERREIRO | 1 | 1 | 0 | 0 | 79 | 46 |
| CARFERLO VIVEIRO | 1 | 1 | 0 | 0 | 67 | 59 |
| ENSINO LUGO | 2 | 0 | 2 | 0 | 96 | 131 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Lugo - CB Viveiro
MGR Sarria - Hierros Ferreiro

**1**

**ENCONTRO APRAZADO**

O partido programado para a fin de semana que media a Carferlo Viveiro e Hierros Ferreiro xogarase o próximo sábado, día 16, a partir das 16:00 en Marzán.

Tralo intermedio os mariñaos tan só se relaxaron no último cuarto, no que o conxunto ensinista conseguiu maquillar un pouco o marcador cun parcial de 24-11 que deixaba o resultado definitivo de 75-22.

A próxima fin de semana a competición Júnior masculina descansa, volverá o día 22 de Novembro cos encontros entre Ensino e Carferlo Viveiro e MGR Sarria - Hierros Ferreiro, no Novo Chanto.



DEPUTACIÓN DE LUGO Deportes
VICEPRESIDENCIA

# INVESTIMENTO

## A ÁREA DE DEPORTES DA DEPUTACIÓN DE LUGO ACHEGA 940.000 EUROS ao fomento do deporte na Provincia. 240 clubs recibirán 415.000 euros para financiar gastos derivados da súa actividade competitiva



A Área de Deportes achega 940.000 euros ao fomento do deporte na provincia. A Xunta de Goberno aprobou este xoves a concesión de diferentes liñas de axudas destinadas a gastos e actividades da tempada 2018-2019 por ese importe.

Así, deuse luz verde ás axudas de concorrencia competitiva a clubs e entidades deportivas da provincia, nas que se investiron 500.000 euros.

Concéderonse 332 axudas, 240 destinadas a financiar gastos derivados da actividade competitiva federada -gastos de persoal, gastos de arbitraxe e xuices deportivos, de transporte e de vestimenta e material deportivo, cun importe máximo de 4.000 euros por entidade- e 92 para a organización de eventos deportivos en toda a provincia, neste caso cun importe máximo de 2.000 euros.

As achegas beneficiarán a clubs e eventos de preto de corenta modalidades deportivas: fútbol, baloncesto, atletismo, ciclismo, natación, triatlón, tenis, pádel, karate, taekwondo, judo ou ximnasia e patinaxe artístico ata montañismo, escalada, waterpolo ou birlos, entre outras.

**Axudas a clubs de primeira e segunda categoría estatal**

Tamén se aprobaron as axudas en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a clubs con equipos que compiten na 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, cun investimento total de 440.000 euros.

Así, a Área de Deportes achegará 138.075 euros ao Burela Fútbol Sala, 124.925 euros ao CV Emevé , 120.000 euros ao Porta XI Ensino e 57.000 euros ao Peluquería Mixta Friol.

A Vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, subliñou "o gran nivel competitivo do deporte feminino na provincia, xa que os catro clubs teñen equipos femininos nas primeiras ligas estatais".

### A DEPUTACIÓN DE LUGO COLABORA COA ORGANIZACIÓN DE 92 EVENTOS DEPORTIVOS POR TODA A XEOGRAFÍA PROVINCIAL

### BURELA FS, CV EMEVÉ, ENSINO E PELUQUERÍA MIXTA FRIOL RECIBIRÁN ACHEGAS POR UN IMPORTE TOTAL DE 440.000 EUROS

**"O GRAN NIVEL COMPETITIVO DO DEPORTE FEMININO REFRÉNDASE COS EQUIPOS DO BURELA FÚTBOL SALA, CV EMEVÉ, PORTA XI ENSINO E PELUQUERÍA MIXTA FRIOL, CLUBS COS CATRO EQUIPOS NA PRIMEIRAS LIGAS ESTATAIS"**

MAITE FERREIRO
Vicepresidenta da Deputación

DEPUTACIÓN DE LUGO Deportes
VICEPRESIDENCIA